



DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará na Casa de Cultura de Valdoviño (no canto do Salón de Sesións da Casa Consistorial por razón derivadas do COVID-19), o vindeiro **XOVES, día 7 de ABRIL/2022 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores de actas das sesións de 07.03.22 (Ordinaria) e 10.03.22 (Extraordinaria e urxente).

2º.- Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) do Concello de Valdoviño.

3º.- Aprobación provisional da ordenanza municipal reguladora do uso social da lingua galega.

4º.- Regulación de campamentos de turismo. Criterios interpretativos.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de febreiro de 2022.

6º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE